



CONCELLO
DA LARACHA

SOLICITUDE DE PRAZA

PROGRAMA HARMONIZA: AULA LÚDICA

CURSO ____ / ____

1.- DATOS DO/A NENO/A:

Apelidos _____ Nome _____

DNI/NIE _____ Enderezo _____

Poboación _____ CP _____ TLF _____ / _____

Correo electrónico _____

Data de nacemento _____

2.- DATOS FAMILIARES:

Pai, nai e/ou representante legal _____ DNI/NIE _____

3.- MOTIVACIÓN/S QUE DA/N ORIXE Á ALTA NO SERVIZO:

4.- DATOS DO SERVIZO AULA LÚDICA:

- Modalidade de solicitude:

1- CURSO ESCOLAR (de setembro a xuño)*:

-Días que solicita: _____

- Horario: _____

*Para utilizar o servizo no Nadal, Entroido e Semana Santa é necesario facer unha solicitude de praza debido aos cambios de horario, podendo realizarse xunto coa inscrición para o curso escolar, se é o caso.

2- NADAL:

-Días que solicita: _____

- Horario: _____

3- ENTROIDO:

-Días que solicita: _____

- Horario: _____



4- SEMANA SANTA:

-Días que solicita: _____

- Horario: _____

5.- A/O NENA/O TEN INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS? SI NON

En caso afirmativo, cales?

6.- CONDICIÓN DE ACCESO

Fíxase un **prazo de inscrición** para a solicitude de praza que remata **unha semana antes** do inicio do curso escolar ou das vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa. A inscrición para o Nadal, Entroido e Semana Santa pódese realizar xunto coa inscrición para o curso escolar, se é o caso.

Rematado o prazo de inscrición fixado, poderán presentarse solicitudes con posterioridade, tendo en conta que, no suposto de que o grupo xa contara co máximo de alumnas/os, a/o solicitante será incluída/o na lista de espera.

Debido á situación xerada polo estado de alarma como consecuencia do COVID-19, e para a protección das/os menores e monitorado participante faise necesario acotar o número de usuarias/os para o acceso á Aula Lúdica, motivo polo cal os criterios de valoración para o acceso a mesma serán exclusivamente as necesidades de conciliación obxectivamente demostradas.

O horario de apertura da Aula Lúdica durante o curso escolar é de 16:30 a 20:30, agás no Nadal, Entroido e Semana Santa que pasa a ser de 9:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30, de luns a venres.

7.- SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello segundo o modelo establecido, achegando a seguinte documentación:

- a) Libro de familia.
- b) DNI dos proxenitores.
- c) Aqueles usuarios/as que teñan problemas alimentarios ou outros que sexa necesario ter coñecemento dos mesmos por parte do concello da Laracha, achegarán informe médico onde se recollan.
- d) Certificado de discapacidade do participante e informe médico, se é o caso.
- e) Vida laboral do pai, nai e/ou representante legal.
- f) Declaración responsable de que non contan con redes de apoio familiar e social para o coidado das/os menores. (Anexo I)
- g) Declaración responsable de aceptación das condicións de participación e de información sobre a COVID-19 na actividade Aula Lúdica. (Anexo II)

A Laracha, _____ de _____ de 20____

Sinatura (Pai/nai/representante legal)

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

Nai/pai ou tutor legal

con DNI.:_____.

da/do menor ou menores:_____

Declaro:

Que non conto con redes de apoio familiar e social para o coidado da/do menor.

A Laracha, _____ de _____ de 2020

ANEXO II

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN S DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA ACTIVIDADE AULA LÚDICA DO CONCELLO DA LARACHA

D^a/D _____ con
DNI/NIE _____ como nai/pai/titora/titor da/do menor ou
menores participantes: _____
con DNI/NIE _____

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN S DE SAÚDE:

Declaro que a/o usuaria/o da Aula Lúdica non convive con ninguén afectado polo Covid-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.

Declaro que a persoa participante non está diagnosticada de Covid-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultades ao respirar, etc) nin a presentou nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.

Declaro que fun informada/o das medidas e coñezo os riscos que pode supoñer participar na actividade no contexto da pandemia provocada pola Covid-19 para a/o participante e o seu contorno de convivencia.

Declaro que me comprometo a notificar inmediatamente á organización responsable da Aula Lúdica calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

Declaro, no caso de pertencer a persoa participante a un grupo vulnerable (*) fronte á Covid-19, que son consciente de que tras unha infección por este virus, as manifestacións de enfermidade poden ser máis severas que noutras persoas de grupos non considerados vulnerables.

()Persoa vulnerable: persoa con enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunopresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida, embarazo e maiores de 60 anos*

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN S PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19

A persoa participante acepta as medidas de prevención e hixiene propostas polo equipo técnico responsable da Aula Lúdica.

A persoa participante comprométese a manter as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

DECLARACIÓN DE LER E ACEPTAR A INFORMACIÓN PROPORCIONADA SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE Á COVID-19

Declaro que recibín e lín a información de adecuación da actividade Aula Lúdica do Concello da Laracha á Covid-19 e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

Declaro que recibín información sobre o Protocolo de actuación en casos de emerxencia ou risco de contaxio na actividade de Aula Lúdica do Concello da Laracha.

A Laracha, _____ de _____ de 2020